



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE BANDA DE GAITAS DE PONTEVEDRA PARA A DIVULGACIÓN DA MÚSICA GALEGA A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

**DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar coa Fundación de Banda de Gaitas de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Fundación de Banda de Gaitas de Pontevedra para divulgación da música galega a través da realización de cursos de formación.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actuacións, por canto se trata de actuacións únicas e de especiais características ao tratarse da única Fundación en Galicia que traballa na formación da música Galega e que ofrece aos alumnos, a posibilidade de comezar a estudar poñendo a súa disposición os instrumentos necesarios, durante os dous primeiros anos de formación.*





*A dispoñibilidade de instrumentos, as clases gratuítas e as instalacións adecuadas converte a Escola da Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra na única destas características en toda Galicia.*

*Por todo o anterior é a Fundación Banda de Gaitas da Provincia de Pontevedra a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

